

# Belagua

© 2015, Manrique Fernández

© Desta edición:

2015, Belagua Ediciones y Comunicación, S.L.  
r/Uruguai, 2-3º D - 36201 Vigo

© Fotografía de portada: Ricardo Grobas

ISBN: 978-84-941751-5-2

Depósito Legal: VG 479-2015

Imprenta: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

Todos os dereitos reservados. Esta publicación non pode ser reproducida, nin en todo nin en parte, nin rexistrada en ou transmitida por un sistema de recuperación de información, en ningunha forma nin por ningún medio, sexa mecánico, fotoquímico, electrónico, magnético, electroóptico, por fotocopia ou calquera outro, sen o permiso previo e por escrito dos titulares do *copyright*.

# TRES FERIDAS

Manrique Fernández

Belagua



A Jose Lis



*Llegó con tres heridas:  
la del amor,  
la de la muerte,  
la de la vida.*

*Con tres heridas viene:  
la de la vida,  
la del amor,  
la de la muerte.*

*Con tres heridas yo:  
la de la vida,  
la de la muerte,  
la del amor.*

Miguel Hernández



Elina

Primeira ferida: a da vida





Elina saíu do baño pisando agullas de desesperanza e tristura. A noite fora longa e pasouna arrolándose entre as sabas de liño nun desesperado intento por fuxir da violencia dos alustros e os tronos sobre a cidade; lategazos do ceo que sementaban inquietude no seu ánimo. Acuruxada nun recanto da cama, en posición fetal, Elina tremía como unha folla abaneada polo vendaval.

Baixara a persiana tentando liberarse da intensidade lumínica dos lóstregos, pero os tronos... Os malditos tronos aínda resoaban nos seus miolos ao compás do último chimpó ao saír da bañeira. O corpo canso, o espírito feble.

As pingas de auga esvaraban pola súa pel branca e delicada. O seu pelo crecho aparecía agora laso e corredío; deitado sobre os ombros, deixaba caer aínda máis auga nas súas costas espallando polo lombo gotas lascivas que escorregaban ata o acubillo secreto que se escondía entre as coxas.

Envolveu o corpo humedecido nunha toalla de algodón e saíu ao corredor. Ao fondo, o cristal da porta da cociña despregaba claridade sobre a entrada do piso. Empurrou a porta e penetrou noutro baño. Un baño de luz, de cores escintilantes e de frescura matinal. A calma logo da tempestade.

Pechou os ollos cegada polo resplandor e, por un intre, esqueceu os tronos.

Un sol inmenso e luminoso estarricábase na procura de camiño entre os sons madrugadores da cidade: a buguina inqueda do oficinista que chegaba tarde ao traballo, o camiión do lixo cargando o derradeiro colector, a persiana do comercio do baixo, o laio do neno que non quería ir ao colexio... Cunha forza maxestosa, as raiolas do astro rei serpeaban entre edificios de formigón para achegarse ata a súa cociña e darlle os bos días coa súa calor morna. Ola Elina; espreguízate. Os tronos ían quedando lonxe.

Preparou café mentres petiscaba no biscoito que ela mesma fixera a tarde anterior. Empezaba a ter man para isto da cociña, pensou. Cando a cafeteira estivo aviada, colleu unha mazá e asomouse á fiestra para recibir en plena cara unha raiola de sol. O luceiro da mañá bicouna nos beizos con ansia, case que con tenrura, e ela gozou o seu aloumiño como gozaría as caricias dun amante desbocado. Ficou uns segundos cos ollos pechados, a saborear con degoiro o abondoso zume que lle caía pola comisura da boca e deixando que os raios vivificadores lle secasen a cara e a alma.

O aparello eléctrico comezaba a burbullar cando saíu de novo da cociña, camiño do seu cuarto. Os tronos parecían a cada intre algo máis afastados.

Desenrolou do seu corpo velaíño a toalla xa húmida e deixouna caer sobre a cama. Entrou no baño na procura do aceite de améndoas co que suavizar e hidratar a súa pel. Gustáballe o arrecendo que deixaba sobre o seu corpo e esquecía a sensación de sentirse espida só con untar aquel líquido viscoso sobre si. O seu aroma facíalle lembrar unha infancia que lle pareceu perdida entre as engurras do tempo: bicos da avoa Esmeralda no pazo, xogos coas fillas do boticario, lumes de San Xoán, brincadeiras do Entroido, tardes mergullada no Tambre, os baños de setembro na Coruña... Rematou a operación secando as mans na longa melena negra; ese era o segredo da brillantez do seu

pelo, desa tonalidade iridescente que tanta envexa provocaba entre algunhas compañeiras da oficina.

Os tronos seguían a afastarse. Buscou no armario algo de roupa. Prendas interiores de encaixe para cubriren un pube fresco e amendoado e uns peitos ergueitos e leitosos; unha camisola azul e uns vaqueiros gastados polo uso. Aínda descalza, volveu entrar no baño para peitearse antes de regresar á cociña.

O aroma ocre e amargo do café inundaba a casa enteira contrastando coa brancura da mañá. Diríase que o mesmo sol quería almorzar con ela. Ola Elina, convidame a café.

O arrecendo xa era quen de espelir a conciencia aínda adormentada da moza. Ao abrir a porta da cociña, inspirou con forza deixando que aquela fragancia espesa penetrase polas súas fosas nasais con liberdade, que enchese os seus pulmóns. Só o salitre do mar era quen de provocarlle o mesmo efecto cando a primavera amosaba as súas primeiras cores.

Cos ollos pechados, inspirando aquel aroma negro e denso, os tronos parecían afastarse máis a cada momento.

O primeiro sorbo bicoulle os beizos con timidez e galanura, como se lle fixese un aloumiño. Como un amante quente, negro e doce. Elina sentiu a calor do líquido a escorregar pola súa gorxa e deixouse levar por unha sensación de lixeireza, como se a izasen polo aire, por riba das nubes, alén das estrelas e dos astros. Naquel intre, o mundo só era un decorado de cartón, un fondo artificial e prescindible: o sentir todo amoreábase no fondo daquela cunca.

Entre a frescura da mañá, a luz morna do sol e a quentura do café, a violencia sonora dos tronos esvaeceuse definitivamente.